

Ante as noticias aparecidas nos medios de comunicación así como os rumores que circulan por diversos ámbitos, o Comité de Empresa do Persoal Laboral da Universidade da Coruña, por decisión unánime, quere facer as seguintes puntualizacións:

O día 23 de novembro o Comité foi informado de que no exame realizado o domingo 21, para cubrir 38 prazas de auxiliares de servizos na universidade da Coruña, incumpríronse claramente as bases da convocatoria. Tras facer unha análise da gravidade do incumprimento, e logo de facer a consulta xurídica pertinente, chegamos á conclusión de que era case segura a repetición do exame por non haber alternativas válidas para a subsanación do erro cometido.

A interposición do recurso de alzada por parte do Comité ten como intención a axilización do proceso, pois non facelo suporía esperar aos recursos que se interporían por parte dos opositores que, unha vez publicadas as listas, quedasen en peor posición. É dicir, inevitablemente ía producirse a interposición de recursos, pero máis tarde, e algúns deles directamente no contencioso-administrativo. O recurso do Comité pretende que o tribunal, a universidade e a súa asesoría xurídica, avalíen inmediatamente a situación, e tomen as medidas que menos prexudiquen ao conxunto dos opositores. O Comité non continuará reclamando a repetición se ao avaliar a situación se atopa algunha outra solución viable, pero cre que, de ser aquela inevitable, canto antes se faga menos se prexudica aos opositores.

Queremos facer constar que o Comité de Empresa non está interesado na dilación do proceso, polo que en ningún caso acudirá aos tribunais reclamando a repetición do exame. Ese camiño, de tomarse, corresponde aos opositores afectados.

Finalmente queremos aclarar que non pretendemos denunciar mala fe de ningunha parte, se non que consideramos que o erro producido na aplicación das bases debeuse a un cúmulo de circunstancias desafortunadas, empezando porque a norma incumplida non estaba na convocatoria orixinal senón nunha corrección de erros posterior.

Esperamos que esta situación se solucione da mellor maneira posible e coa maior prontitude, únicos motivos que guiaron en todo momento a actuación deste Comité.